



play escola de música

# No Reino da Choiwa

21 de xuño de 2024

ás 17:30

13 Concerto

do

Día Europeo da Música



Museo do  
Pobo Galego





**play** escuela de música

**Había unha vez, nun recuncho agochado do mundo, un reino máxico chamado o Reino da Choiva.**

**Este reino era único, era coma un segredo que compartían xeración tras xeración, gozando todos das súas grandes riquezas e protexéndoas.**

**Só unha vez ao ano, no primeiro día do verán o Reino APARECÍA, erguía a bandeira da música e todos ían detrás atravesando as pingas de choiva, entre a espuma do mar embravecido. Flotando nas charamelas que xorden da queima do loureiro, nacía pedra a pedra o inmenso pazo ó que acudían os reis e as raiñas do Reino e.....comezaba a gran festa.**

**Todos, dende os máis pequenos ata os máis anciáns, participaban na festa. Os nenos corrían, comían e cantaban, mentres os novos tocaban instrumentos. A música enchía o aire dando paso á emoción, mecidos coma cativos na súa arte e na súa cultura. As risas dos nenos, o vento, a poesía ... nunha festa que os unía a todos na ledicia de desfrutar do seu, facendo medrar o tesouro.**

**O pazo de todos, convertido no MUSEO deste pobo, coas súas alfaias expostas e o seu campanario tocando ao vento. Reivindicando a protección e a continuidade de toda a sabiduría ancestral do reino, gardando as súas tradicións e cultura para as xeracións futuras.**

**Tódalas forzas da emoción de compartir todos xuntos, sendo eles transmisores co ritmo do bombo, do latexo do CORAZÓN do pobo, da súa lingua, do seu tesouro. A choiva, o sol e o vento uníanse traendo á vida esta gran celebración.**

**O 21 DE XUÑO 2024 as 17:30h  
Benvidos ó**

**REINO DA CHOIVA**



**Museo do  
Pobo Galego**